

IES CASTRO DE BARONCELI

NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E
CONVIVENCIA

ÍNDICE

| | | |
|------|--|----|
| I. | INTRODUCCIÓN | 3 |
| II. | A COMUNIDADE EDUCATIVA | 3 |
| III. | NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA | 4 |
| IV. | NORMAS ACADÉMICAS | 6 |
| V. | ÓRGANOS DE GOBERNO | 7 |
| VI | PROFESORADO | 8 |
| VII | PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS | 12 |
| VIII | PAIS OU NAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO | 14 |
| IX | ALUMNADO | 16 |
| X | BIBLIOTECA E SERVIZO DE PRÉSTAMO | 38 |
| XI | AULA TABOADA CHIVITE | 39 |
| XII | UTILIZACIÓN DO MATERIAL DEPORTIVO | 39 |
| XIII | TRANSPORTE ESCOLAR | 39 |
| XIV | COMEDOR ESCOLAR | 42 |
| XV | ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS | 44 |
| XVI | PROCEDEMENTO EN CASO DE ACCIDENTES 44 | |
| XVII | RELACIÓNS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA | 45 |

Para conseguir algúns dos obxectivos trazados no Proxecto Educativo de Centro deben existir unhas normas de comportamento e de disciplina baseadas no respecto mutuo entre os membros da Comunidade Educativa. Con esta finalidade foron confeccionadas unhas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, que poderán ser modificadas cando fora preciso co fin de adecuar os seus contidos ao desenvolvemento legal ou á práctica cotiá da vida do Centro.

I. INTRODUCCIÓN

De conformidade co Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG 9.8.96) polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, coa Orde do 1 de agosto de 1997(DOG 2.9.97) que o completa, coa Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, que ten por obxecto regular as normas básicas de convivencia nos centros docentes comprendidos no seu ámbito de aplicación e a participación directa das familias, así como do resto da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo, e co decreto 8/2015 de 8 de xaneiro (DOG 27.1.15), de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, redáctanse as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do I.E.S. Castro de Baronceli coa finalidade de propiciar un axeitado nivel de convivencia entre os diferentes integrantes da Comunidade Educativa.

Este documento deberá ser difundido entre tódolos membros da Comunidade Educativa.

Para que poida ser revisado, deberá solicitalo polo menos unha terceira parte dos membros do Consello Escolar.

II. A COMUNIDADE EDUCATIVA

A Comunidade Educativa está constituída polo alumnado, profesorado, pais e nais ou titores legais do alumnado e polo persoal de administración e de servizos.

III. NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA

1. Respecto a toda a Comunidade Educativa.
2. A asistencia ás clases é obrigatoria.
3. Puntualidade á hora de entrada e saída das clases.
4. Limpeza nas instalacións e coidado do mobiliario e material de traballo. Os pupitres e as paredes deberán estar limpos e sen escritos e pintadas. Non tirar xices, papeis, ... no chan.
5. Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a velar pola adecuada utilización e conservación do material do Centro.
6. O alumnado absterase de comer ou beber nas aulas, biblioteca, ximnasio e lugares de traballo.
7. Non consumir substancias nocivas para a saúde (tabaco, alcol ou outro tipo de droga) no recinto escolar.
8. Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismos de comunicación ou gravación durante os periodos lectivos. Excepcionalmente, o profesorado poderá autorizar o seu uso en determinadas sesións como ferramentas pedagóxicas.

O Centro non se responsabilizará de ningunha perda ou roubo.

9. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, que resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou que poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. A resistencia ou negativa a entregar os obxectos requiridos considerarase indisciplina grave.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor (se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade) ou da propia alumna ou alumno (se for maior de 18 anos) unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou

extraescolar; dito o anterior sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

10. A vestimenta ou o xeito de presentarse do alumnado respectará a corrección que lle corresponde a un Centro Educativo garantindo que non atente contra a súa dignidade, non supoña unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde e integridade persoal e a dos demais membros da comunidade educativa ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes. Dentro do edificio, o alumnado non utilizará prendas que cubran a súa cabeza, como sombreiros, gorras, carapuchas ou similares, excepto causa xustificada.

11. Usaranse os servizos tendo en conta a distinción por sexos, limitando a estadía ó tempo preciso. Os servizos non son lugares de reunión. Os que están á beira do ximnasio usaranse como vestiarios e só co permiso do profesorado de Educación Física. Durante as horas de clase só se poderá ir ó servizo de forma excepcional e co permiso do profesorado. Dita saída constará no parte.

12. Ó chegar ó centro, o alumnado entrará no recinto escolar inmediatamente despois de baixar do autobús, sen deterse nas beirarrúas. Non se poderá acceder ás clases ata que toque o timbre. Cando toque, ir directamente ás clases, non podendo permanecer no corredor nin nos servizos.

13. Cando toca o timbre para a saída, sexa dende o comedor ou dende as aulas, o alumnado dirixirase en orde cara a saída do centro e, sen atravesar a estrada, subirase ó seu autobús de referencia.

14. Entre clase e clase os alumnos permanecerán na aula gardando un comportamento correcto e coa porta aberta.

15. Os desprazamentos ás aulas distintas das ordinarias deben facerse con presteza, sen ir ós servizos, sen carreiras, empurróns, e sen facer ruído. Os/as delegados/as son os/as últimos/as en saír e os/as primeiros/as en chegar á súa aula de referencia, e normalmente encargaranse de levar e traer o parte de asistencia.

16. Nos recreos non se permanecerá nas clases, nos corredores nin nos servizos. Tampouco na parte traseira do pavillón cuberto.

Os lugares de recreo son o patio, a cafetería e o vestíbulo.

Por seguridade, non se permite a estancia na zona comprendida entre o depósito de gas e o aparcamento.

III.1. SANCIONES:

O incumprimento das normas levará consigo a aplicación das correspondentes sancións, segundo a normativa recollida no decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

A acumulación de dous partes de incidencias leves equivalerá a un parte de expulsión. A acumulación de tres partes de expulsión supón a aplicación das medidas correctoras de faltas leves. Tres faltas leves serán consideradas como unha falta grave, o que significará a apertura dun procedemento de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.

IV. NORMAS ACADÉMICAS

1. A asistencia a todas as clases é obrigatoria.
2. O alumnado seguirá as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe e mostraralle o debido respecto e consideración, tanto ao profesorado como aos compañeiros, tendo en conta, de maneira especial, o dereito ao estudo.
3. Calquera ausencia prevista o alumno ten que comunicarlle ao seu titor.
4. As faltas de asistencia por enfermidade, indisposición, etc. deben ser xustificadas ante o titor polos pais ou tutores legais dos alumnos nos cinco días lectivos seguintes á súa volta, utilizando os impresos que a tal efecto se recollen na secretaría do centro e aportando a documentación (citacións, xustificantes médicos...) que corresponda a cada caso.
5. Os alumnos menores de idade non poden abandonar o recinto escolar. Para facelo deberán ser recollidos polo pai/nai/representante legal que se faga responsable da súa ausencia. Para non subir ó transporte escolar

deberán traer unha autorización firmada polo seu pai/nai/representante legal.

6. Durante as clases non se poderá saír das aulas sen causa xustificada.

7. En caso de ausencia dun profesor, o alumnado permanecerá dentro da aula coa porta aberta esperando a chegada do profesorado de garda encargado de cubrir a ausencia. Se este se atrasara, o/a delegado/a comunicarao en secretaría.

8. Se o/a alumno/a é expulsado/a ó corredor durante uns minutos, o/a profesor/a deberá telo controlado coa porta aberta.(Considerarase polo tanto que o alumno é responsabilidade exclusiva dese/a profesor/a e a tódolos efectos é coma se o/a alumno/a estivese dentro da aula, co que o profesorado de garda queda eximido de calquera responsabilidade polos feitos que ocorresen derivados dese tipo de expulsión temporal). Se a expulsión é polo resto da clase, o/a alumno/a, co traballo que lle encomendará o/a profesor/a que o expulsa, dirixirase a secretaría, onde avisarán ó profesorado de garda que o acompañará á aula de gardas e velará para que o/a alumno/a realice o traballo. Cando un alumno/a sexa expulsado da aula polo resto da clase e acoda ao prof de garda, o profesor que o/a expulsou cubrirá o respectivo parte de faltas indicando se o considera como "parte de incidencias leve" ou parte "de expulsión", segundo valore en cada caso.

9. Procurarase que, co acordo entre profesores e alumnos, non coincidan máis de dous exames nun mesmo día.

10. Os boletíns de notas entregaranse tres veces ao longo do curso, unha vez rematadas as avaliacións. Os/as alumnos/as entregaranlles o boletín aos seus pais ou titores tendo que devolver o resgardo, debidamente asinado, ós/ás titores/as no prazo que estes sinalen, os cales cortarán o resgardo e entregarán de novo o resto do boletín ao alumnado.

11. A Biblioteca do centro réxese por unhas normas ás que deben someterse todos os alumnos/as que queiran utilizar os seus servizos.

V. ÓRGANOS DE GOBERNO

Os diferentes órganos de goberno do Instituto, colexiados e persoais, axustaranse en canto á súa constitución, funcións e atribucións ao disposto na lexislación vixente.

VI. PROFESORADO

VI.1. Dereitos e deberes do profesorado.

No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección que o ordenamento xurídico lle recoñece.

No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente (partes de incidencias e de expulsión) teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

VI.1.1. Dereitos do profesorado.

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserven en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

g) O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, que resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou que poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor (se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade) ou da propia alumna ou alumno (se for maior de 18 anos) unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar; dito o anterior sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

h) O profesorado do centro, de acordo coa Constitución española (Artigo 20, apartado c) ten recoñecido e protexido o dereito á liberdade de cátedra.

VI.1.2. Deberes do profesorado:

a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario

establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado, tendo unha especial reserva e confidencialidade nas reunións do centro -avaliacións, claustros, ccp, etc- e unicamente facer públicos parte dos datos persoais ou sociofamiliares dun alumno/a cando o titor ou profesor coñecedor deles considere importante facelo de cara a unha mellor intervención educativa, preservando ao máximo o dereito á intimidade persoal e familiar de cada alumno/a.

f) Asistir puntualmente a tódalas actividades escolares, tendo que xustificar as ausencias de forma regulamentaria.

g) Cumprir o seu horario lectivo no Centro, aínda no caso de non ter alumnado. Neste caso solicitarase a súa colaboración no reforzo das gardas.

h) Motivar e fomentar a asistencia do alumnado ás actividades extraescolares e complementarias.

i) Avisar con antelación das súas ausencias sempre que sexa posible.

j) Entregar as notas dos exames, traballos,... o antes posible. Nos exames, cada pregunta deberá levar marcada a súa puntuación.

k) Permitir ó alumnado a consulta dos seus exercicios e probas corrixidas , notificándolles os erros e deficiencias, así como o modo de superalos.

l) Ó principio de curso, colgar nos taboleiros das aulas, ou na páxina web do centro, ou na aula virtual, os criterios de avaliación e cualificación da súa materia.

m) O orientador/a terá especial coidado de resolver con celeridade as solicitudes de informes sobre alumnos/as que se acorden nas sesións de avaliación.

VI.2. Profesorado Titor.

1. O Director/a nomeará, para cada grupo de alumnos, un Profesor/a Titor/a de entre o profesorado que, preferiblemente, imparta clase á totalidade do grupo.

2. As funcións principais do Profesor/a Titor/a son:

2.1. Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.

2.2. Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do Centro.

2.3. Orienta-las demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar nos problemas que se presenten, en colaboración co delegado/a do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo.

2.4. Informar aos pais e nais ou titores/as legais, profesorado e alumnado do grupo de todo aquilo que lles afecta en relación co rendemento académico, comportamento e actividades complementarias e extraescolares.

2.5. Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e os pais ou nais ou titores/as legais do alumnado.

2.6. Controlar a asistencia e a puntualidade do alumnado e ter informados aos pais ou nais ou titores/as legais e á Xefatura de Estudos das faltas do alumnado, polo menos cada mes.

2.7. Aceptar ou non a xustificación das faltas presentadas polos alumnos.

2.8. Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial (P.A.T.) e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación . O PAT será elaborado polo Departamento de Orientación seguindo as directrices que marque a CCP.

VI.3. Profesorado de Garda.

O número de profesores/as de garda durante o horario lectivo ou de lecer estará en función da dispoñibilidade do cadro de persoal establecido para o Centro pola Consellería. Procurarase ter o máximo de profesores/as para cubrir o servizo. O seu labor consistirá basicamente no seguinte:

1. Ao comezo de tódalas clases, os profesores de garda percorreren o recinto do Instituto procurando manter a orde.

2. Comprobarán se falta algún profesor/a, e, unha vez confirmada a súa ausencia, un deles ficará na aula facendo constar a súa presenza asinando o parte de faltas.

3. Anotarán nos partes de faltas os alumnos ausentes e no libro de gardas, as ausencias do profesorado, así como calquera incidencia que se produza no Centro. Así mesmo comunicaralle á Xefatura de Estudos os reiterados atrasos dos profesores.

4. O profesorado ficará no Centro durante a garda. Se por calquera razón, algún deles non estivera na Sala de Profesores, indicarlle ó persoal subalterno o lugar onde localizalo.

5. Na garda de recreo, dous membros do profesorado vixiarán o patio, e outro, o vestíbulo do centro.

VII. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS

VII.1. Dereitos do persoal de administración e de servizos.

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

1) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

2) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

3) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

4) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

5) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

6) A participar na vida do Centro a través do seu representante no Consello Escolar.

7) A organizar reunións no Centro, previa comunicación ao Director/a ou ao Secretario/a.

8) A ser informado das resolucións dos órganos de goberno do Centro.

VII.2. Deberes do persoal de administración e de servizos:

a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de tódolos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa, das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

Fóra do ámbito da convivencia escolar os deberes conferidos pola lei en cada caso, que basicamente son os seguintes:

1. PERSOAL ADMINISTRATIVO:

1.1. Cumprir as funcións encomendadas e regulamentadas pola Lei da Función Pública e as ordes que, por razón de servizo, reciba da Dirección.

1.2. Proporcionar, correcta e puntualmente, información sobre matrícula, bolsas, certificacións e calquera outra que sexa necesaria para a tramitación de documentos oficiais.

2. PERSOAL SUBALTERNO:

2.1. Custodiar a moblaxe, máquinas, instalacións e locais.

2.2. Controlar a entrada de persoas alleas ao Centro, recibilos seus pedimentos e facer as xestións oportunas para polas en contacto co persoal correspondente do Centro.

2.3. Custodiar as chaves do Centro.

2.4. Recibir, conservar e distribuír os documentos, obxectos e correspondencia que para estes efectos lle sexan encomendados.

2.5. Realizar, dentro do Centro, os traslados de material, moblaxe e equipamentos, que fosen necesarios.

2.6. Efectuar os encargos relacionados co servizo que se lle encomende dentro ou fóra do Centro.

2.7. Manexar multicopistas, fotocopiadoras, encadernadoras e outras máquinas análogas, cando sexan autorizados para iso polo Director/a ou polo Secretario/a.

2.8. Atender ó alumnado.

2.9. En xeral, realizar calquera outra tarefa de carácter análogo que, por razón de servizo, se lle encomende.

3. PERSOAL DE LIMPEZA:

Os regulamentados por Lei ou convenio.

VIII. PAIS OU NAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO

VIII.1. Dereitos e deberes dos pais e nais ou titores legais de alumnado

VIII.1.1.

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes. O pai, a nai ou o titor/a solicitarán previamente a súa visita.
- c) A recibir información sobre as normas que regulan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos pola normativa legal vixente, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar e colaborar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa segundo o establece o Título IV da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

VIII.1.1.2.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

- a) Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos/as ou pupilos/as cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase.
- b) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro docente.
- c) Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- d) Solicitar do Centro tanta información atinxa á vida escolar do alumno/a. Acudir ó centro cando sexa requirido pola dirección, profesorado titor ou orientador, na maior brevidade posible.
- e) Xustificar, no seu caso, adecuadamente, as faltas de asistencia á clase.
- f) Escoller ós/ás seus/súas representantes no Consello Escolar.

g) Tratar a tódolos membros da comunidade educativa con educación e respecto.

h) Os pais/nais/titores legais son os responsables civís dos danos producidos polos seus fillos/as. Deberán asumir o custo económico da súa reparación ou reposición.

IX. ALUMNADO

IX.1. Dereitos e deberes básicos de convivencia escolar do alumnado.

IX.1.1.

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia. Esta participación canalizarase a través da Xunta de Delegados e dos representantes do alumnado no Consello Escolar.

f) A recibir unha ensinanza de calidade que fomente a súa capacidade e actitude crítica.

g) O dereito ás mesmas oportunidades de acceso os distintos niveis de ensinanza, sen que exista ningún tipo de discriminación.

h) A que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade. O alumnado ou os seus pais/nais/titores legais poderán reclamar contra as

decisións e cualificacións seguindo a normativa establecida pola Administración Educativa.

i) A recibir orientación escolar e profesional, en especial, coidarase a dirixida ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. O Departamento de Orientación ofertará as actividades necesarias para dar cumprimento a este punto. Velarase para que os alumnos/as dispoñan dese dereito a recibir orientación académica e profesional, dun xeito especial con aqueles/as que cursan 4º ESO xa que rematan a etapa.

j) O alumnado ten dereito a escoller, mediante sufraxio directo e secreto, ós seus representantes no Consello Escolar e ós delegados ou delegadas de grupo.

k) O alumnado ten dereito a asociarse. Teñen, así mesmo, dereito á folga, excepto o alumnado de 1º e 2º de ESO. Cando sexa unha folga non convocada por organismos oficiais terán que comunicalo ó equipo directivo do centro cunha antelación de 24 horas.

l) A ser informado polos membros da Xunta de delegados e Delegadas e polos representantes das asociacións de alumnado tanto das cuestións propias do seu centro como das que afecten a outros centros e ó sistema educativo en xeral.

IX.1.2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro, e repoñelo se é deteriorado por un uso indebido.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia no centro.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir á clase con puntualidade e co material preciso.
- i) Manter as mesmas pautas de conduta esixidas no Centro cando se realicen actividades fóra do mesmo.
- j) Non consumir substancias nocivas para a saúde (tabaco, alcol ou outro tipo de droga). Absterse de comer ou beber nas aulas, biblioteca, ximnasio e lugares de traballo.
- k) Non utilizar os teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación ou gravación durante os períodos lectivos, excepto se o profesorado o autoriza en determinadas sesións como ferramentas pedagóxicas.
- l) Permanecer nas aulas durante o horario lectivo, e entre clase e clase se non é necesario desprazarse a outra aula.

IX.2. Representantes

IX. 2 .1.

O Real Decreto 732/1995, no seu artigo 107 di: “Nos institutos de Educación Secundaria existirá unha Xunta de delegados integrada polos representantes dos alumnos/as dos distintos grupos e polos representantes dos alumnos no Consello Escolar”. E o artigo 108: “A Xunta de delegados estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes”.

En consecuencia, a composición e funcións da Xunta de delegados do IES Castro de Baronceli fica regulada do modo seguinte:

- a) Xa que os alumnos/as están organizados en grupos, cada grupo elixirá, mediante votación nominal e secreta, un delegado e un subdelegado. Para iso constituirase unha mesa que presidirá o titor do grupo e da que

formarán parte dous alumnos/as elixidos por sorteo, o máis novo dos cales actuará como secretario. A elección farase mediante dúas votacións: na primeira, cada votante escribirá nunha papeleta os nomes de dous candidatos; na segunda tan só se porá un nome entre os cinco anteriormente máis votados. A persoa que acade maior número de votos será o delegado e o seguinte o subdelegado. No caso de se producir igualdade de votos entre dous ou máis candidatos, procederase a unha votación de desempate, e se, realizada esta, persistise o empate, resolverase este por sorteo entre os empatados.

d) Os delegados/as poderán ser obxecto de revogación (art. 111.3 do Decreto 324/1996 do 26 de xullo).

A designación dos delegados, subdelegados e delegado presidente da Xunta de Delegados poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ó/á titor/a, pola maioría absoluta do alumnado do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase á convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no apartado anterior deste decreto.

IX.2.2.

As funcións da Xunta de delegados serán as que sinala o Decreto 324/1996 no seu artigo 112.

IX.2.3.

As reunións convocadas pola Xunta de delegados celebraranse nos recreos e en horario non lectivo, dentro do horario escolar do Centro, previo coñecemento do equipo directivo e nos locais que este asigne. Esta mesma norma rexerá para calquera outro tipo de reunión de alumnos.

IX.3.1 .

Todo o alumnado ten a obriga de asistir, e con puntualidade, a tódalas clases do grupo ao que pertence. No caso do alumnado, que logo de asistir á primeira clase, se ausentara da aula sen avisar, o profesor deberá poñelo en coñecemento, no mesmo momento e a través dos conserxes e coa colaboración dos delegados de aula, do Directivo de Garda para que o comunique canto antes aos seus pais ou tutores legais.

IX.3.2.

O profesorado anotará a relación do alumnado que falte á súa clase, de acordo cos criterios establecidos no Claustro ao comezo do curso.

IX.3.3.

As faltas de asistencia á clase deberanse xustificar, se procede, de forma adecuada ao Profesor/a Titor/a, e ao profesor/a da materia correspondente se este o considera oportuno, no prazo de cinco días lectivos a partir da súa volta ao Centro.

IX.3.4.

Serán consideradas como xustificadas aquelas faltas causadas por motivos que, a xuízo do titor/a, sexan xustificables; como doenzas, visitas médicas, problemas familiares graves, indisposicións, etc. Será, pois, o titor, en primeira instancia, a persoa que decida sobre a conveniencia ou non de considerar a falta xustificada.

En caso de que o número de faltas non xustificadas supoña un mínimo do 10% do horario lectivo mensual, procederase á apertura do Protocolo para a prevención do absentismo escolar

IX.4. Programa de axuda para a adquisición de libros

Mentres siga vixente o programa, os beneficiarios deberán conservar e devolver os libros e material de apoio, recibidos ao comezo de curso , en perfecto estado.

IX.5. Reclamacións das Cualificacións.

Cando exista desacordo coa cualificación final obtida nunha área ou materia ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un/unha alumno/a, este/a, ou seu pai/nai ou titor/a legal, poderán solicitar por escrito a revisión de dita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos a partir daquel no que se produzo a súa comunicación.

A solicitude de revisión, que conterà cantas alegacións xustifiquen a disconformidade coa cualificación final ou coa decisión adoptada, será tramitada a través da xefatura de estudos, quen a trasladará á xefatura do departamento didáctico responsable da área ou materia con cuxa

cualificación se manifesta o desacordo, e comunicará tal circunstancia ó/á profesor/a titor/a.

Cando o obxecto de revisión sexa a decisión de promoción ou titulación, a xefatura de estudos trasladará a solicitude ó/á profesor/a titor/a do/a alumno/a, como coordinador/a da sesión final de avaliación na que a decisión foi adoptada.

IX.6. Condutas contrarias á Convivencia e a súa corrección.

A finalidade primordial das sancións, ademais de promove-la exemplaridade, é contribuír á formación persoal do alumnado.

IX.6.1. Clases de condutas contrarias á convivencia.

1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.
2. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuacións pertinentes facilitarase de conformidade co establecido no artigo 28.2 do decreto 8/2015 de 8 de xaneiro (DOG do 27/01/15).

IX.6.1.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, incapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa cando se é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

IX.6.1.2. Condutas leves contrarias á convivencia.

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do apartado IX.6.1.1. que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea l) do apartado IX.6.1.1.

c) A non asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do noso centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

IX.6.2. Prescrición das condutas contrarias á convivencia.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

IX.6.3. Medidas correctoras.

IX.6.3.1. Principios xerais.

1. Os centros docentes porán especial énfase na prevención de condutas á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu plan de convivencia e no seu protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.
2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:
 - a) Ter carácter educativo e recuperador.
 - b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
 - c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
 - d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

4. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e as persoas agresoras.

5. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

7. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

8. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

9. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos no Decreto 8/2015 e nestas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

IX.6.3.2. Clases de condutas contrarias á convivencia.

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.

2. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considerarase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou

baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 do decreto 8/2015 de 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento sa Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuacións pertinentes facilitarase de conformidade co establecido no artigo 28.2 do decreto 8/2015 de 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

IX.6.3.3. Gradación das medidas correctoras.

Para a gradación das medidas correctoras previstas no decreto 8/2015 de 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

IX.6.3.4. Reparación de danos causados.

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais do centro, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá reparase o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

IX.6.3.5. Ámbito de corrección.

1. Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

2. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

IX.6.3.6. Aspectos formais dos procedementos correctores.

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 do decreto 8/2015 de 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV do mencionado decreto.

2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considerarase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.

b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.

c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.

d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.

e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.

f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a este, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

4. As citacións ás alumnas ou aos alumnos ou, se fosen menores de idade non emancipados/as, tamén ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.

5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no capítulo IV do decreto 8/2015 de 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou tutela.

7. A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou alumno, ou á propia alumna ou alumno se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse igualmente á Inspección Educativa.

IX.6.3.7. Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras.

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o Departamento de Orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

3. Procurarase crear aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

IX.6.3.8. Procedementos conciliados de resolución dos conflitos.

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a

consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reconeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta, ou de ser menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto no decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

IX.6.3.9. Desenvolvemento do procedemento conciliado.

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a

conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará á persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e ás persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou alumno, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 do decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 do decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

IX.6.3.10. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado.

1. No procedemento conciliado, o/a orientador/a do centro, ou algún membro do profesorado ou alumnado con formación en mediación, actuará como persoa mediadora. O Plan de convivencia do centro, no seu artigo 7.3. recolle as fases da mediación, e o contido de cada unha delas.

2. A persoa mediadora non substituirá á instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar. Para elo, poderá convocar reunións cos afectados/as, por xunto ou por separado, tanto en horario lectivo, como en horario non lectivo, dependendo das circunstancias da mediación.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

a) Contribuír ao proceso de conciliación.

b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.

c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

IX.6.3.11. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. Durante esta suspensión, o alumnado terá que acudir a clase e facer os traballos que se lle encomenden.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

IX.6.3.12. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

IX.6.3.13. Graduación das medidas correctoras.

Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

IX.6.3.14. Prescrición das medidas correctoras.

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

IX.6.4. Procedemento para a imposición das medidas correctoras.

Remitirémonos ao establecido no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

IX.6.4.1. Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores.

As audiencias e comparencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

IX.6.5. Incumprimento das normas de convivencia.

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

IX.6.6. Responsabilidade e reparación de danos.

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

IX.7. Prevención e tratamento das situacións de Acoso Escolar.

IX.7.1. Definición de acoso escolar.

Para os efectos da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por parte doutro, doutra ou doutros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

IX.7.2. Protección integral das vítimas.

1. A dirección dos centros docentes, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantirlle ao alumnado, vítima de situacións de acoso escolar, a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

2. A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

IX.7.3. Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

1. Segundo consta na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, o Goberno galego, a través dos departamentos competentes en materia educativa e benestar, elaborará un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar, coa dotación orzamentaria necesaria para a súa implantación. Recollerase de xeito explícito a integración da perspectiva de xénero para poder previr eficazmente situacións de acoso das nenas e mozas.

2. O plan de convivencia do IES Castro de Baronceli incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará as seguintes previsións:

a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.

b) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.

c) Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

d) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

3. Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.

4. As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a

elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

X. BIBLIOTECA E SERVIZO DE PRÉSTAMO

1. O horario de biblioteca farase público ao comezo de cada curso académico.

2. Ao principio de cada curso realizarase unha actividade de presentación para o novo alumnado, coordinada polo/a encargado/a da biblioteca.

3. Para a utilización do servizo de biblioteca os membros da Comunidade Educativa deberán axustarse ás seguintes normas:

a) Durante a permanencia na biblioteca os usuarios deberán ter respecto polas instalacións, polos libros e polos demais usuarios.

b) O alumnado poderá coller libremente os libros, pero serán membros do profesorado quen volvan a poñelos nos estantes.

c) Para o préstamo de libros, o/a alumno/a deberá estar rexistrado como socio/a-lector/a da biblioteca.

d) O prazo do préstamo será de 15 días; unha vez rematado, poderase renovar o mesmo por un período de 7 días. Por norma xeral, non se realizarán máis préstamos a partir do 1 de xuño.

e) Os vídeos, DVD'S, películas... só se prestarán os venres, ou días anteriores á fin de semana ou períodos de vacacións (Nadal, Entroido, Semana Santa...).

f) Antes de rematar o curso farase pública unha listaxe das persoas que non devolvan algún exemplar, co fin de que o fagan. Se non o fixeren, podería ser considerado como unha falta grave.

g) En caso de perda dun libro, ou maltrato severo, o/a alumno/a deberá restituír ao Centro un exemplar igual, ou doar o prezo correspondente.

h) En caso de facer un uso reiteradamente inadecuado das instalacións e servizos da biblioteca, os/as alumnos/as poderán ser sancionados/as coa inhabilitación temporal para utilizar dito servizo.

4. A Biblioteca servirá como espazo para que os alumnos realicen algún traballo, acompañados polo profesorado. Naturalmente, será tamén o lugar onde se levarán a cabo as actividades programadas pola propia Biblioteca.

XI. AULA TABOADA CHIVITE E AULA DE INFORMÁTICA

O profesor/a que necesite calquera sala anotará o seu nome e apelidos xunto co horario previsto de utilización, na ficha existente para este fin na Sala de Profesores.

En caso de facer un uso reiteradamente inadecuado das instalacións e/ou servizos dalgunha destas aulas, os/as alumnos/as poderán ser sancionados/as coa inhabilitación temporal para utilizar dito servizo.

XII. UTILIZACIÓN DO MATERIAL DEPORTIVO

1. Este material estará a cargo do profesorado de Educación Física que poderá prestalo seguindo uns criterios lóxicos, e previa petición.

2. Será responsabilidade do alumnado que o utilice a súa devolución en perfecto estado.

XIII. TRANSPORTE ESCOLAR

XIII.1. Normas de uso

1. Non está permitido ao alumnado fumar nas entradas e saídas do centro, cando baixan ou soben ós autobuses.

2. É responsabilidade de cada alumno/a subir ao seu autobús, ao que lle corresponde por ruta e parada oficial. Non se poden facer cambios ocasionais, nin de autobús, nin de parada.

3. Para non facer uso do transporte escolar, o/a alumno/a terá que traer unha autorización firmada polo seu pai/nai/titor/a legal. Na secretaría disporán de modelos de autorización para un día ou para períodos de tempo máis prolongados.

4. Nestas NOFC recóllese a Instrución conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar:

- **Recollida as rematar as clases lectivas, actividades extraescolares e excursións e visitas culturais:**

Os escolares poderán saír no horario previsto só do instituto, sempre que os seus pais, nais, titores legais, acolletores familiares e proxenitores separados ou divorciados con garda e custodia ao seu favor, presenten ante a dirección do centro unha autorización expresa ao respecto, eximindo á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares.

Igualmente, os alumnos poderán ser recollidos no instituto no horario fixado polo Regulamento do centro ou polas puntuais comunicacións cursadas con ocasión de eventos, de así manifestalo as persoas determinadas nesta instrución como responsables dos escolares, os cales serán recollidos por eles mesmos ou polos seus proxenitores separados ou divorciados que teñan dereito de visitas en días lectivos ou polos adultos e irmáns maiores autorizados ao efecto polos responsables dos rapaces. Nestes casos, os escolares permanecerán custodiados no instituto, mentres non se produza a súa recollida efectiva, 15 minutos a partir do horario de saída fixado. A estes efectos, as citadas persoas encargadas da recollida terán a obriga de reportar ao centro escolar calquera demora que vaian sufrir. transcorrido o tempo de demora comunicado sen que apareceran, efectuaranse dende o instituto chamadas aos responsables dos alumnos, que, de resultaren infrutuosas, poderán determinar a condicións dos escolares ás dependencias da policía Local ou cuartel da Garda Civil que corresponda. A reiteración desta última circunstancia en máis de 4 veces poderá dar lugar, tralo oportuno análise das circunstancias familiares concorrentes, á revisión do medio de saída do centro escollido para os alumnos.

En todo caso, os escolares non poderán ausentarse do centro de ensino antes da hora prevista para as distintas saídas, agás que os pais, nais, titores legais, acolletores ou proxenitores separados que exerzan a garda e custodia así o permitan e autoricen de xeito motivado, precisando as

condicións da súa marcha ou da recollida por eles mesmos ou polo adulto ou irmán ou irmá maior autorizados.

- **Recollida nas paradas de transporte escolar:**

Os escolares poderán baixar sós nas paradas de transporte escolar establecidas, sempre que as persoas determinadas nesta Instrución como responsables seus presenten no centro unha autorización expresa ao respecto, que eximirá á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares. Ditas autorizacións faranse chegar ás empresas de transporte para o seu coñecemento.

Os alumnos transportados poderán, cando así o manifesten as persoas responsables deles, ser recollidos nas paradas establecidas nos distintos itinerarios de transporte escolar polos seus pais, nais, titores legais, acolledores familiares, proxenitores separados ou divorciados que teñan a súa garda e custodia ou dereito de visitas en días lectivos ou por aqueles adultos ou irmáns e irmás maiores que ditos responsables dos escolares transportados autoricen, subministrando ao instituto os seus datos persoais, que logo serán achegados á empresa transportista. Nestes supostos, o centro educativo dará aos acompañantes escolares, ou, no caso de non habelos, aos interlocutores habituais das empresas de transporte os teléfonos dos responsables dos alumnos, que obran no seu poder.

5. O alumnado disporá de partes de incidencia que poderán cubrir en caso de reclamación por mal funcionamento do servizo de transporte.

En primeiro lugar, a dirección establecerá contacto coa empresa de transporte implicada para pedir explicacións sobre os fallos detectados.

Se non bastasen as explicacións, se os incumprimentos se repiten e non se comproba vontade de rectificación, ou se fosen flagrantes ou supuxesen algún tipo de perigo ou menoscabo para algún membro da comunidade educativa, a dirección remitirá estes partes ao Servizo de Transporte Escolar da Xefatura Territorial de Educación, para que tome as medidas sancionadoras oportunas.

XIII.2. Vixilancia.

1. Polas mañás, dous membros do profesorado encargaranse do servizo de vixilancia. As portas de entrada ó centro abriranse para o alumnado as 8:30 horas. Un profesor/a vixiará a porta de entrada, e outro/a estará no interior

do edificio, prestando especial atención a que non se aglomere moito alumnado dentro dos baños.

2. Os luns pola tarde, dous profesores/as.

3. O resto dos días, os colaboradores do comedor escolar.

4. O profesorado de garda comunicará calquera incidencia na baixada ou subida ao transporte escolar ao equipo directivo, que deixará constancia documental do ocorrido.

XIV. COMEDOR ESCOLAR.

XIV.1. Atención.

1. O comedor escolar é un espazo educativo de xestión directa. Nel seguirase o mesmo réxime de convivencia que no resto das dependencias do IES.

2. O encargado de comedor é o responsable da xestión do comedor escolar. Coordinará o servizo de atención ao alumnado.

3. O encargado do comedor escolar elaborará menús sans e variados. Será función do persoal colaborador controlar que o alumnado use o servizo de forma correcta, observando as normas elementais de urbanidade e terminando as racións que lles sirvan nos seus pratos.

4. O número de colaborades/as depende do número de alumnado. Poden ser colaboradores/as do comedor escolar os membros do profesorado, os do persoal non docente, ou en caso de non cubrir as necesidades do servizo, os/as pais/nais/representantes legais do alumnado.

5. Os /as colaboradores/as atenderán cada día a un grupo determinado de mesas para tratar de que o alumnado se comporte correctamente e remate as súas racións. O número de mesas que atenderá cada colaborador/a decidirse nunha reunión ó comezo do curso.

6. Ó rematar a comida, os/as colaboradores/as vixiarán a saída do alumnado ata que suban ó transporte escolar. O encargado sairá de último asegurándose que non quede ningún alumno/a no centro.

XIV.2. Uso do comedor.

1. Ó comezar o recreo, o alumnado de 1º curso dirixirase ó comedor para poñer as mesas. O encargado de comedor distribuirá o traballo e vixiará o desenvolvemento do proceso. Polo tanto, o encargado de comedor non participará nas quendas de garda de recreo.
2. Ó remate da última clase da mañá, o alumnado dirixirase directamente ó comedor e sentarase no seu lugar correspondente, á espera de que o encargado comprobe que todo está en orde para poder comezar a comer. Se un/unha alumno/a quere mudar de lugar, terá que pedir permiso ó encargado.
3. En cada unha das mesas haberá un/unha alumno/a, preferentemente de 4º curso, que de forma voluntaria será o/a encargado/a de servir ós/ás seus/súas compañeiros/as de mesa, repartindo a comida de xeito equitativo.
4. Cada día, dous alumnos/as serán os encargados de recoller e limpar a mesa. Tódolos/as alumnos/as teñen que participar nesta tarefa, non mediando algunha circunstancia xustificada que o impida, cambiando diariamente os/as responsables. O/A encargado/a de mesa comunicará calquera incidencia na súa mesa ó profesorado de vixilancia ou a persoa encargada do comedor.
5. Unha vez que tódalas mesas estean recollidas, a persoa encargada do comedor irá ordenando a saída do alumnado, de xeito que o fagan por seccións, para evitar aglomeracións, carreiras...O alumnado recollerá as súas mochilas, e dirixirase ó seu autobús correspondente.
6. O alumnado das aulas da planta baixa, mentres come, deixará as súas mochilas na aula. O da primeira planta deixaranas no vestíbulo do IES, tratando de que queden ben recollidas contra as paredes. Non se pode entrar con mochilas ou carteiras ó comedor escolar.
7. O alumnado que por distintos motivos teña que seguir unha dieta, sexa por un período corto de tempo, ou por todo o curso, dará copia do informe médico correspondente ó encargado de comedor, para que en cociña preparen os correspondentes menús.

XV. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS REALIZADAS FÓRA DO CENTRO.

1. Cando algún membro do alumnado non participe en actividades que se realicen fóra do centro, ten a obriga de asistir a clase como calquera outro día lectivo.
2. Na medida do posible, evitarase programar actividades a partir do 15 de maio. Exceptúase a última semana do curso, cando xa estean feitos tódolos exames finais.

XVI. PROCEDEMENTO EN CASO DE ACCIDENTES NO RECINTO ESCOLAR.

Aterémonos ó seguinte protocolo que determina como actuar cando un membro do alumnado sufra un accidente ou crise dalgunha enfermidade, dentro do recinto escolar, que requira atención médica urxente. Como medida de prevención, ó principio de curso, farase un arquivo confidencial (co visto bo dos pais/nais/representantes legais do alumnado e dependente da Xefatura de Estudos) daquel alumnado con enfermidades crónicas ou de risco, ó obxecto de dispoñer da información necesaria para facilitarlla ós servizos sanitarios en caso de accidente ou crise de saúde. O profesorado seguirá o seguinte procedemento:

1. Poñerse en contacto coa persoa que desempeña a Xefatura de Estudos ou, na súa ausencia, con calquera outro membro do Equipo Directivo.
2. Chamar ó 061 para que proceda a recoller o/a alumno/a en ambulancia, tomando nota do centro sanitario ó que é trasladado/a. Un membro do Equipo Directivo acompañará ó/á accidentado/a. En ausencia destes, de forma voluntaria, o/a titor/a ou outro membro do profesorado poderá acompañalo/a.
3. Chamar á familia ó teléfono de contacto.
4. A Xefatura de Estudos disporá dunha base de datos de alumnado con enfermidades crónicas que precisen dunha atención especial. Esta base de datos será voluntaria e confeccionarase co permiso dos pais/nais/representantes legais do alumnado.

XVII. RELACIÓNS ENTRE OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

1.- Sempre que a programación do Departamento correspondente non especifique o contrario, celebraranse unha ou varias probas escritas no período comprendido entre cada avaliación. As datas das probas serán determinadas de mutuo acordo entre profesorado e alumnado, tendo especial coidado en distancialas no tempo para que non coincidan máis de dous exames no mesmo día.

2.- O/a profesor/a-titor/a do alumno é o/a encargado/a de informar aos pais sobre todo o que atinxe á actividade escolar do alumno/a e deberá ficar no Centro á hora que para esta función ten, que figura no seu horario. Co fin de que o/a titor/a dispoña de tempo para obter a información precisa, os /as pais/nais deberán solicitar con a lo menos unha semana de antelación a entrevista con este/a, dentro do horario que este teña asignado para tal actividade.

3.- Os/As pais/nais que desexaren falar cun profesor/a que non sexa o titor/a do seu fillo/a, concertarán previamente a entrevista na súa hora de atención a nais/pais.

4.- Os/As titores/as farán unha reunión informativa ó inicio do curso cos pais/nais de alumnos/as da súa titoría para exporlles as liñas de actuación durante o curso.

Este regulamento foi aprobado nunha reunión de Claustro extraordinaria celebrada o día 13 de xaneiro de 2016, e na reunión ordinaria do Consello Escolar celebrada o día 27 de xaneiro de 2017.

- ***Primeira modificación, xuño de 2017:*** Instrución conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar.